



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE
CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RECOÑECIMENTO
E APOIO ÁS AVOAS E AVÓS COIDADORAS/ES**

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e actuando en uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia.

Doutra parte, Dña. María del Carmen Colmeiro Rojo, con DNI 35 882 208T, que actúa en representación de Cruz Roja Española, NIF Q2866001G, en virtude da súa condición de presidenta, segundo consta na súa acta de nomeamento de data 17 de abril de 2015.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

1. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e consonte a Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, e ao Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.



2. Que o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo o disposto no artigo 6.2; e polo tanto rexeráse polas súas normas especiais, aplicándose os principios de esta Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse segundo establece o artigo 4.

3. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

4. Que a Consellería de Política Social, ao abeiro do disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia, entre outras. Neste eido correspóndelle a planificación e coordinación das entidades prestadoras de servizos sociais no sector socio-familiar así como a cooperación con elas e, en particular, coas entidades de iniciativa social.

5. Que Cruz Roja Española é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co nº E-23, que orienta o seu labor, entre outros, ao ámbito da familia e da infancia, sector comprendido no ámbito competencial desta Consellería de Política Social.

6. Que esta entidade con longa experiencia no traballo social con diferentes colectivos, salienta que a realidade social actual pon de manifesto que moitas persoas maiores se fan cargo da educación e crianza de netos e netas menores de idade, como fonte esencial de apoio á conciliación familiar e laboral así como fonte principal de apoio social cando os pais e as nais non poden facerse cargo dos seus respectivos fillos e fillas.



Pero estas funcións de apoio, asumidas polas persoas maiores, poden en moitos casos supoñer un factor de estrés que afectan a súa calidade de vida, debido tanto ao lapso xeracional como ás condicións asociadas á idade, e pola súa vez ponse de manifesto, a través do enfoque sistémico en terapia familiar, que os problemas familiares son en moitos casos transxeracionais, xa que determinadas pautas educativas que puideron xerar disfuncións en determinados grupos familiares, poden predispoñer dalgún xeito a que se repitan nas novas xeracións a través das dinámicas que se establecen no coidado dos netos e das netas, constituíndo tamén este un factor de risco para os nenos e as nenas.

7. Que con base nestas premisas, a entidade Cruz Roja Española deseñou un programa de apoio psicosocial a persoas maiores que exercen labores parentais de coidado e crianza de netos e netas, que na actualidade se desenvolve con financiamento público nos concellos galegos de Carballo, Laxe e Coristanco, a través das subvencións de asignación tributaria do 0,7% do IRPF. Así mesmo, a Consellería de Política Social e Cruz Roja Española asinaron nos anos 2016 e 2017 un convenio de colaboración para a execución do dito programa nas sete grandes cidades de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo).

8. Que considerando o interese social do proxecto tanto para o benestar das familias como para a prevención no ámbito de menores daqueles grupos familiares afectados, a Consellería de Política Social, ten previsto colaborar coa entidade para continuar co desenvolvemento do proxecto nestas sete grandes cidades de Galicia. O carácter singular deste proxecto, sen convocatoria pública, xustifícase na experiencia amosada por esta entidade que leva desenvolvendo este programa en varios concellos galegos dende o ano 2006.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto ten por obxecto o fomento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) desta lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.



Así mesmo, o artigo 31.2 en relación co artigo 55 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social considera conveniente a sinatura deste convenio de colaboración con base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e a entidade Cruz Roja Española para o desenvolvemento durante o ano 2018 do Programa de apoio psicosocial a persoas maiores que exercen labores parentais de coidado e crianza dos seus netos e netas a través dunha escola de avós e avoas educadores/as e a súa implantación nas sete grandes cidades de Galicia.

Segunda. Actividades

Polo que se refire ás actividades a desenvolver no ano 2018, implantaranse tres novas escolas de avós e avoas educadores/as en cada unha das sete grandes cidades de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo) co desenvolvemento dun total de 210 sesións. Estas escolas se engaden ás 20 Grupos de Axuda Mútua (GAM) que se manteñen en funcionamento derivadas das Escolas dos anos anteriores (2016-2017) nas sete localidades co desenvolvemento de 240 sesións entre abril e novembro de 2018. Polo tanto, a través deste programa se desenvolverán un total de 450 sesións nas que se tratará de orientar e apoiar a aproximadamente a 350 avós/as responsables do coidado de aproximadamente 525 netos/as, que tamén se benefician directamente da intervención.



As escolas de avós e avoas educadores/as tratan de ofrecer unha resposta a persoas maiores que exercen labores parentais de coidado e crianza, a través de espazos grupais de formación e auto soporte, así como un traballo individual en función das necesidades concretas. Esta atención individualizada levarase a cabo a través de entrevistas personalizadas para detectar necesidades específicas.

Nos obradoiros formativos desenvolveranse habilidades específicas que capaciten a estas persoas para o manexo de situacións cotiás na crianza e educación dos nenos e nenas ao seu cargo, orientándoos e apoiándoos en todos os aspectos que leva consigo a crianza. Ademais de prestarlle un apoio psicosocial para fortalecer as habilidades de autocoidado necesarias para afrontar esta situación dunha maneira segura e saudable.

A escola de avós e avoas propicia tamén a constitución de grupos de axuda mutua integrados por voluntarios, avós e avoas, netos e netas, para que unha vez finalizadas as actividades das sucesivas escolas, as persoas participantes poidan seguir mantendo unha vinculación e axudándose mutuamente.

A través das escolas de avós e avoas tamén se desenvolverán actividades interxeracionais de carácter lúdico-educativo para posibilitar a interrelación entre os avós/as, pais/nais e netos/as.

Finalmente, este programa inclúe entre as súas actividades un "Encontro de avós/as educadores/as" que se levará a cabo previsiblemente no último trimestre de 2018, como un acto de recoñecemento público da función social que desempeñan as avoas e avós que coidan dos seu netos e netas, e ao que se invitarán ás persoas participantes do programa.

Terceira. Gastos subvencionables, importe e condicións de pago

Consonte o artigo 29.1 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido neste convenio.



A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución deste convenio cunha contía global de cento seis mil euros (106.000 €), resultante de sumar 90.100 € (noventa e un mil novecentos cincuenta euros) en concepto de persoal, a contía de 14.400 € (doce mil cincocentos cincuenta euros) correspondente aos gastos relativos ao desenvolvemento das actividades do programa e a cantidade de 1.500 € (mil cincocentos euros) en concepto de publicidade e difusión, na que se levará a cargo o dito programa con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.0 dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social na anualidade de 2018, na que existe crédito axeitado e suficiente (Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018). A devandita achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades aos distintos conceptos de gasto nunha contía de ata un dez por cento, **en máis ou en menos**, do importe asignado a cada un de ditos conceptos, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación se aplique a conceptos de gasto non autorizados

De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese como data límite do prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio o 05 de decembro de 2018.

O pagamento da contía referida neste convenio farase efectivo do seguinte xeito:

Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.

A este respecto, a entidade queda exonerada de constituír as garantías ás que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, consonte o artigo 65.4.f) deste decreto.



Antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar:

- Unha memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos
 - Unha memoria económica xustificativa do coste das actividades realizadas: relación clasificada dos gastos con indicación do acredor, o seu importe, data de emisión e data de pago; acompañada das correspondentes facturas, nas que se reflecta que os gastos realizados foron iguais ou superiores á axuda concedida e xustificantes do pagamento nos termos recollidos no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Cando un gasto corresponda a máis dun concepto dos recollidos na cláusula terceira, deberá acompañarse dunha certificación onde se explicita a imputación a cada un deles.
 - Imputación dos gastos realizados con medios ou recursos propios ás actividades descritas no convenio
 - Tres orzamentos cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor (artigo 118)
 - Certificado de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade autónoma
- Declaración responsable de que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro de axudas
- Unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo concepto, das





distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Os gastos deberán acreditarse mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente de acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de nóminas, acompañaranse dos seguros sociais (relación nominal de traballadores e recibo liquidación de cotizacións) e da retención a conta do imposto do IRPF (modelos 111 e 190).

Estes gastos deben estar efectivamente pagados dentro do prazo de xustificación, agás que se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos da acción liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o período de elixibilidade excede o prazo de xustificación e abrangue ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre de 2018.



De acordo co anterior, se forman parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade Cruz Roja Española obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes de xaneiro de 2019. Se nesa data non se aportase a devandita xustificación procederá o reintegro da parte proporcional da subvención correspondente a estes gastos.



A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria, etc.) nos que consten o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento,



que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto. Serán válidos os tickets (facturas simplificadas) sempre que veñan acompañados co correspondente abono con cargo a unha tarxeta de titularidade de Cruz Roja Española.

As entidades beneficiarias deberán acreditar, na xustificación, de maneira documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas...) o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

O pagamento da subvención se realizará unha vez comprobada a xustificación presentada, e a realización da actividade, proxecto ou adopción do comportamento para os que se concedeu e o cumprimento dos demais requisitos fixados na normativa reguladora da subvención, salvo que se prevea a posibilidade de realizar pagos anticipados ou pagos a conta (artigo 60 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro).

O pago realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

En todo caso, a Consellería de Política Social queda facultada para recabar en calquera momento a información que considere necesaria para o seguimento da efectividade do contido deste convenio, e para esixir cantos documentos estime necesarios para a debida xustificación do gasto.

Así mesmo, a entidade estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Cuarta.- Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.



A contía da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Quinta. Obrigas

A entidade Cruz Roja Española deberá cumprir cos requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para poder ser beneficiaria das axudas, así como as obrigas establecidas no artigo 11 desta lei e que son, entre outras, as seguintes:

a) Para os efectos de acreditar que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade autónoma nin é debedor por resolución de procedencia do reintegro, no momento da sinatura do convenio deberá achegar unha declaración responsable que recolla os ditos extremos no que se manifesta baixo a súa responsabilidade este cumprimento e que se compromete a mantelo durante o período de vixencia de convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) A entidade Cruz Roja Española deberá dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

A entidade tamén estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.



Ademais, a entidade está obrigada a lle subministrar á Consellería de Política Social, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I, Transparencia da actividade pública, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, tal como recolle o artigo 4 desta Lei.

Sexta. Persoal e relacións laborais

A selección do persoal específico que Cruz Roja Española dedicará á execución do programa corresponderá á dita entidade. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Publicidade do convenio



Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.



Oitava.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos carácter persoal dos que sexa destinataria a Consellería de Política Social na tramitación deste convenio, serán tratados pola Consellería de Política Social coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e as referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.



Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.



Novena. Comisión de seguimento do convenio

Terase en conta, como mecanismo de seguimento da execución deste convenio o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, así como o disposto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para estes efectos, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- 
- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que poderá delegar na subdirectora xeral de Demografía e Conciliación, que exercerá a presidencia.
 - O coordinador autonómico, ou un vogal da entidade que o substitúa.
 - Actuará como secretario/a, con voz e voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Décima. Vixencia do convenio

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de marzo do ano 2018.

Décimo primeira. Natureza xurídica



Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Á súa vez, en canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aprobou o seu regulamento, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normas de procedente aplicación.

Décimo segunda. Resolución do convenio

1.- Darán lugar á resolución deste convenio as causas que a continuación se relacionan, procedendo de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo necesario o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora reportados desde o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro:

- mutuo acordo das partes asinantes
- incumprimento das cláusulas do convenio por algunhas das partes asinantes, cos efectos previstos no artigo 51.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro
- resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como incumprimento das obrigas contables

2.- O procedemento de reintegro é o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo tercera. Cuestións litixiosas

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.



Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Política Social



O CONSELLEIRO
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

José Manuel Rey Varela

A representante legal de Cruz Roja Española



Mª del Carmen Colmeiro Rojo